

PROPOSTA E RESOLUCIÓN DA PRESIDENTA DE PORTOS DE GALICIA DO 25 DE NOVIEMBRO DE 2022 POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVAS PARA A APLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE 17 DE JULIO DE 2001 SOBRE INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DEL SERVICIO DE PERSONAL DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Antecedentes

A Presidencia do Ente Público Portos de Galicia, conforme as competencias que lle confiren os artigos 6 de la Lei 5/1994, de 29 de novembro de creación do ente público Portos de Galicia – hoxe artigo 12 de la Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, e o artigo 9 k) do Decreto 227/1995, polo que se aproba o Regulamento do Ente, resolveu en fecha 17 de xullo de 2001 aprobar a resolución sobre indemnizacións por razón de servizo para o persoal do ente público Portos de Galicia.

O 1º Convenio Colectivo para o persoal laboral de Portos de Galicia, publicado por Resolución do 30 de decembro de 2002, da Dirección Xeral de Relaciones Laborais, recolleu, no artigo 26, as denominadas "axudas de custo" ou dietas, establecendo que as mesmas se aboarán e regularán de acordo co establecido na Resolución do 17 de xullo de 2001, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal do ente público Portos de Galicia e posteriores modificacións.

Posteriormente a Presidenta por Resolución do 2 de xaneiro de 2006, sobre revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional establecidas na resolución de 17 de xullo de 2001 actualizou a contía da indemnización por uso de vehículo particular en comisión de servizo contidas no paragrafo de "Gastos de Viaxe" e das "axudas de custo en territorio nacional".

A aplicación da referida normativa resultou pacífica, sendo incuestionable o carácter indemnizatorio da axuda de coste ou dieta, ata o ano 2017, momento no que tras diferentes pronunciamentos xudiciais ditados con ocasión de varias reclamacións formuladas polo colectivo de gardapeiraos, as solicitudes de dietas presentadas polos traballadores que se formulan respecto do desprazamentos que non xeran ao traballador ningún prexuízo susceptible de ser indemnizado. Tal modo de proceder supón desnaturalizar a axuda de coste no modo en el que foi aprobada e dotar o importe aboado dun inequívoco carácter salarial que non se corresponde coa finalidade para a que foi establecida.

Competencia

En virtude das facultades previstas no artigo 15 apartado 1 e 3 a) da Lei 6/ 2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, formulase a seguinte proposta, sobre criterios de aplicación das instrucións 2001 e 2006.

Proposta:

Primeiro.- Gastos de viaxe.

Respecto do abono de axudas de custos por este concepto na instrución 2001-2006 aboaranse co seguinte criterio

ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA
SERVIZOS CENTRAIS

Praza de Europa SA – 6ª Planta
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)
T. 881 950 095 – F. 981 545 324
www.portosdeg Galicia.gal





a) De utilizarse un transporte público a contía da indemnización comprenderá o importe do billete ou pasaxe utilizados dentro das tarifas correspondentes ás clases que para os distintos grupos comprendidos no anexo 1 se sinalan a continuación

- Primeiro grupo: clase primeira.
- Segundo e terceiro grupo: clase segunda.

b) Cando o medio de transporte sexa o avión autorizarase en todo caso a clase turista, salvo que por motivos de representación ou duración das viaxes se autoricen outras clases superiores.

c) A contía da indemnización por uso de vehículo particular queda fixada en 0,19 euros por quilómetro.

d) Serán tamén indemnizables como gastos de viaxe os gastos de desprazamento en taxi ata ou dende as estacións de ferrocarril, autobuses, portos e aeroportos, sempre que se presenten como xustificantes os billetes ou os recibos do medio de transporte utilizado.

e) Podarán indemnizarse, igualmente, os gastos polo uso de garaxes no hotel de residencia ou de aparcadoiros públicos e a ORA, así como os gastos de peaxe de autoestradas, sempre que os ditos gastos teñan a correspondente xustificación documental.

f) Nos casos nos que se utilicen para os desprazamentos medios gratuítos da Comunidade Autónoma non se terá dereito a ser indemnizado por este concepto.

2º Asistencias.

Respecto do abono desta axuda, será realizada de acordo co seguinte criterio:

Aboaranse as asistencias pola concorrencia a sesións de tribunais ou órganos encargados da selección de persoal ou de probas que haxa que superar para o ingreso no Ente Público Portas de Galicia, segundo as contías fixadas no anexo III.

Ditas contías incrementaranse nun 50 por cento cando as asistencias se deveñan pola concorrencia a sesións que se celebren en sábados ou en días festivos.

Unha vez coñecido o número de aspirantes da convocatoria, a Presidencia de Portes de Galicia determinará o número máximo de asistencias que se percibirán e as que corresponden a cada membro, de acordo coas actas de sesións celebradas.

As asistencias devengarase por cada sesión determinada, con independencia de si esta se estende a mais de un día, e devengándose unha única asistencia no suposto de que se celebre mais dunha sesión no mesmodía.

En ningún caso se poderá percibir por estas asistencias un importe total por ano natural superior ó dez por cento das retribucións anuais que correspondan ó posto de traballo principal, calquera





que sexa o número de tribunais ou órganos similares nos que se participe. Nembargantes, poderá ampliarse este importe anual, a decisión da Presidencia do Ente Público, sempre e cando a concorrencia ou complexidade do proceso selectivo así o requira.

Terceiro: .-Axudas de custos.

Criterios aplicables para o deveño destas axudas

- a) Percibiranse as axudas de custo ás que se teña dereito segundo os grupos que se especifican no anexo I e as contías que establece o anexo II, que comprenden gastos de manutención e os importes máximos que por gastos de aloxamento, de se-lo caso, se podarán percibir ao día.

- Cando con motivo da viaxe por razón do servizo se pernoite fora da residencia oficial se aboará a axuda de custos enteira o día da saída e os gastos de manutención o día do regreso, salvo que a viaxe, aínda pernoitando fora da residencia oficial, dure menos de 24 horas consecutivas, en dito caso percibirase unha soa axuda de custos.
- Nas viaxes nas que se regrese para pernoitar na residencia oficial non se percibirá axuda de custos, a non ser que, debido á realización do servizo, o persoal finalizase o desprazamento despois das 14 horas. Neste caso o importe que se percibirá será o 50 por cento do correspondente os gastos de manutención e o 100 por cento nos casos en que a hora de regreso sexa posterior as 21:00 horas.

Igualmente, cando os desprazamentos por razón do servizo se realicen en xornada de tarde e o regreso sexa posterior ás 21 horas, poderá percibirse axuda por manutención ata o 50 por cento.

- Os gastos de aloxamento e os de viaxe que se realicen dentro do territorio español podarán concertarse con empresas de servizo. No concerto dos gastos de aloxamento determinarase o prezo por día e o tipo de aloxamento, segundo os grupos, e serán oríentatevos as contías que para tales gastos se establecen en virtude desta resolución. De non utilizarse este sistema, o importe que se percibirá por gastos de aloxamento será o xustificado, sen que a súa contía poida exceder das sinaladas no anexo II.
- O importe que se percibirá por gastos de aloxamento e manutención que se realicen con motivo das comisións que se desempeñen fora do territorio español será o xustificado. Serán indemnizables, en concepto de gastos extraordinarios; as vacinas, visados ou calquera outros que sexan necesarios par a entrada no país de que se trate.

Os gastos de minibar, conferencias telefónicas e outros semellantes de tipo extra, aínda que incluídos na factura do hotel, non serán indemnizables. Polo contrario, os de almorzo que se xustifiquen expresamente nas citadas facturas considéranse aboables.

- Ningún traballador poderá percibir axudas de custo de grupo superior ó que lle corresponda, aínda que realice o servizo por delegación ou en representación dun alto cargo ou dun traballador clasificado nun grupo superior.
- O persoal de Portos que forme parte de delegacións oficiais presididas por altos cargos do Ente Público Portos de Galicia, ou doutros organismos ou entes da Comunidade





Autónoma, ou por directores xerais, percibirán as axudas de custo do grupo pertencente a estes.

- b) A Presidenta de Portos de Galicia podará autorizar en cada ocasión o réxime de resarcimento pola contía exacta dos gastos realizados ao persoal comprendido no Grupo 1^o, segundo a clasificación do persoal efectuada no anexo I.

Polo exposto, en virtude das facultades que ostenta a Dirección elevase esta proposta cos seus anexos, para a súa aprobación se procede

Santiago de Compostela, , na data da sinatura

O Director

Roi Fernández Añón

Conforme coa proposta da Dirección e de acordo co do artigo 12.3.c) da Lei 6/2017, do 17 de decembro, de portos de Galicia,

Resolvo:

Primeiro.- Aprobala Resolución de 25 de novembro en todos os seus propios termos

Segundo.- Dispor que se publique na web de Portos de Galicia: <https://portosdegalicia.gal> e se notifique ao comité de empresa.

Terceira.-Esta instrución terá efectos económicos e administrativos desde o día da súa publicación

Cuarta.- Recurso.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, perante a Presidenta, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderá impugnalas directamente perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de dous meses a contar desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

A Presidenta de portos de Galicia

Susana Lenguas Gil

